

CARACTERÍSTICAS DA RESPOSTA EDUCATIVA Ó ALUMNADO CON DEFICIENCIA MENTAL.

Na nosa labor educativa co alumnado con Deficiencia Mental, sexa cal sexa o seu grado de deficiencia debemos:

- Asegurar a súa atención
- Facer fácilmente determinables e claros os aspectos que han de ser aprendidos: dar instrucións sinxelas, utilizar vocabulario ó seu alcance, presentar material motivante...
- Ofrecer situacións que poñan en relación as súas experiencias e aprendizaxes previos cos que actualmente queremos que aprenda. Non dar lugar a equivocacións nin someter ó alumno/a á técnica de ensaio-erro, que ademáis pode aumentar a súa inseguridade e producir alteracións emocionais.
- Partir do concreto, do que xa ten establecido e de aspectos funcionais e significativos para él/ela.
- Programar a xeneralización, propiciandoa dentro da aula.
- Inhibir conductas non adecuadas.
- Estimular a necesidade de comunicación, non só oral.
- Evitar a linguaxe non comprensible, verborrea, ecolalias...
- Premiar de inmediato as realizacións correctas.
- Basarnos sempre nos principios de redundancia e presentación sinxela e moi estruturada de contidos.
- Fomentar a titorización por parte de compañeiros, así como a solidariedade e o respecto pola diversidade.
- Dárilles tempo para procesar as plabras e responder.
- Asegurar o contacto visual directo, cara a cara.
- Evitar o vocabulario ambiguo.
- Reforzar a comunicación con xestos e sinais.
- Escribir as instrucións para reforzalas ou usar debuxos, simbolos ou materiais específicos.
- Uso dun caderno casa-escola; isto pode ser útil para axudalo a falar das súas noticias do día en casa e desenvolver a fala espontánea.
- Animar ó alumno/a a liderar o grupo.
- Fomentar situacións de interrelación persoal.

